

Núm. 185/10

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** *Adxudicación definitiva do contrato de suministro "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).*

### **ANTECEDENTES**

I. Por resolución de data 18 de maio de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, o suministro de "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" á empresa "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU" polo prezo de 59.826,22 € e 9.572,20 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 21 de maio de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse á adxudicataria, requirindo presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 2 de xuño de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 2.991,31 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO**:

**1º.-** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de suministro de "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" aprobada por Resolución de Alcaldía de data 18 de maio de 2010.

**2º.-** Autorizar e dispoñer-lo gasto de 69.398,42 € con cargo ao Fondo estatal de investimento local e, en consecuencia, con cargo á partida 491.609 do orzamento do ano 2010.

**3º.-** Notificar a "Sanpot Soluciones Informáticas, SLU", adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 10 de xuño de 2010.

**4º.-** Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo de "Implantación rede inalámbrica de alcance rural e punto de información" no Perfil de contratante.

**5º.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 8 de xuño de 2010.

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,